



PROCEDIMENTO DE CAMBIO DE CROTAL ELECTRÓNICO A UN MICROCHIP INJECTABLE DUN ANIMAL IDENTIFICADO FÓRA DE GALICIA

Segundo o Decreto 142/2012, de 14 de xuño, polo que se establecen as normas de identificación e ordenación zoosanitaria dos animais equinos en Galicia, un animal nado en Galicia e identificado cun crotal electrónico so pode ter como destino un cebadoiro ou un matadoiro.

Aos animais identificados fóra de Galicia non lles afecta este decreto, polo que pode darse a situación de que algunha explotación equina galega reciba animais con crotal electrónico cuxa persoa titular desexe o cambio da finalidade do animal, considerandoo un animal de crianza e rendemento non destinado a sacrificio como animal de abasto como fin inmediato.

Neste caso, a actuación será a seguinte:

- Mentres o animal posúa un crotal electrónico considerárase que o único destino posible é un cebadoiro ou matadoiro, dentro das posibilidades establecidas para os animais considerados de abasto no Decreto 142/2012.
- No caso de que desexe cambiar de crotal electrónico a microchip inyectable, pasando a considerarse un animal de crianza e rendemento, poderá facerse cas condicións que se expoñen a continuación:
 - O titular debe cubrir a solicitude que figura neste documento, na que solicita que se actualice a base de datos de identificación equina de Galicia, a de orixe do animal e a de RIIA e na que indicará o veterinario identificador autorizado que fará a reidentificación.
 - A OAC inmovilizará este animal mediante unha acta mentres se finaliza o paso de crotal a microchip.
 - O solicitante deberá aboar a seguinte taxa:

31.07.08	Revisión, toma de mostras e informes técnicos a petición de parte de industrias e explotacións gandeiras non previstos nos programas oficiais:
- Sen saír ao campo	28,72 €

- Unha vez pagada e entregada a taxa na OAC, selarase e asinarase a solicitude. Manterase unha copia desta na OAC, e a orixinal entregarase ao solicitante.
- O solicitante acudirá ao veterinario autorizado para identificar équidos que figura na solicitude para que reidentifique o animal cun microchip electrónico e cunha codificación (23 díxitos) igual á que existe no crotal electrónico que debe ter o animal colocado (agás o dígito de contador de duplicado de microchip, situado no segundo lugar dos 23 díxitos, que se incrementará nunha unidade sobre o existente).

- O veterinario identificador solicitará o microchip inxectable a través de SIREGAL dentro do trámite “solicitud de duplicado de microchip”, coa mesma numeración ca que ten na actualidade pero do “tipo de identificación”: microchip inxectable.
- O veterinario deberá entregar ao Colexio de Veterinarios correspondente a copia selada pola OAC da solicitud da reidentificación.
- O veterinario identificador recibirá polo conduto habitual dos colexios veterinarios o microchip inxectable que implantará previa retirada do crotal electrónico que entregará á persoa titular do équido.
- A persoa titular do équido deberá presentar na OAC correspondente posteriormente á implantación do microchip, un certificado veterinario do veterinario identificador no que conste a numeración do microchip inxectable e a data de implantación, así como o crotal retirado do équido para a súa destrución na OAC.
- Na OAC levantarase unha acta na que se reflectirá esta modificación na identificación e a recepción do crotal, e cambiarase este dato en SIX.
- A OAC enviará un correo electrónico ao Servizo Provincial para que este contacte coa entidade emisora da Comunidade Autónoma na que se identificou o équido orixinalmente, informando da actuación do cambio do tipo de identificación e comunicando a nova numeración do chip inxectable. Na mesma comunicación solicitará o cambio deste dato básico do animal na base de datos nacional (RIIA) e a comunicación da realización do mesmo ao Servizo Provincial unha vez este estea feito.
- O Servizo Provincial comprobará en RIIA a realización de cambio e comunicará a OAC que se proceda a desinmobilizar o animal, feito que se realizará levantando a correspondente acta de desinmobilización.

Santiago, 16 de decembro de 2016

Servizo de Sanidade Animal

SOLICITUDE DE CAMBIO DE CROTAL ELECTRÓNICO A MICROCHIP INJECTABLE

DATOS DA PERSOA TITULAR DO ÉQUIDO

Nome e apelidos/ Razón Social		NIF/CIF/NIE
Enderezo completo		Teléfono
Concello	Código Postal	Provincia

DATOS DA PERSOA VETERINARIA IDENTIFICADORA

Nome e apelidos	NIF/CIF/NIE
Número de colexiado	Teléfono

DATOS DA EXPLOTACIÓN ACTUAL

Código REGA da explotación onde se fai o cambio de crotal electrónico a microchip inyectable :

O abaixo asinante,

DECLARA:

- Que coñece o establecido na lexislación vixente en materia de identificación equina.
- Que dá a súa conformidade para que os datos persoais contidos nesta solicitude sexan incluídos en ficheiros automatizados de acordo co previsto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
- Que os datos que figuran nesta solicitude son certos.
- Que coñece que esta solicitude se condiciona ao pago de taxa correspondente (31.07.08)

SOLICITA:

- Que ao animal referenciado se lle permita a implantación dun microchip electrónico inyectable coa mesma codificación que o crotal electrónico que porta o animal:

NPU	
Código do crotal electrónico (23 díxitos)	

- A actualización dos datos de identificación do animal na base de datos autonómica de identificación equina por parte dos Servizos Veterinarios Oficiais, na base de datos do MAPAMA a nivel central (RIIA) e na da base de datos da Comunidade Autónoma na que se realizou a primeira identificación.

SE COMPROMETE A:

- Achegar un certificado do veterinario responsable da implantación electrónica no que se indique a numeración do microchip que se inxecta e a data de inxección.
- A entregar na OAC correspondente o crotal electrónico que se retire do animal para a súa destrución polos Servizos Veterinarios Oficiais.

En _____, a _____ de _____ de _____

A persoa propietaria / titular do animal
Asdo.:

Selo da Oficina Agraria Comarcal
Asdo.: